




Unha das primeiras fotos feitas do Colexio Público de Xanceda con alumnos. Daquelas, sen cemento que ocultase a herba do campo, como ben se pode ver, sen edificio aínda para Secundaria, sen Pavillón cuberto. Era o ano de 1978 pasaban, aínda ben, de catrocentos os alumnos do Centro.

## **BREVE HISTORIA DOS INICIOS DO CENTRO EDUCATIVO DE XANCEDA. UN CENTRO PÚBLICO DO RURAL GALEGO.**

En 1978 entramos no, por aquel entón, chamado Colexio Público de Xanceda. Anteriormente foi unha Agrupación Escolar Mixta, a de "Juanceda". Era cabeceira da zona educativa: Xanceda (tampouco Xoanceda, como apareceu algunha vez nalgún intento de recuperar a cordura) e era unha parroquia do Concello de Mesía, a capital das once parroquias. Xanceda segue a ser a parroquia que acolle o Axuntamento e outros servizos públicos de administración local e, desde agora, a maior concentración de alumnos do ensino obrigatorio. Había escolas unitarias ou agrupacións en Boado, en Cumbraos, en Albixoi, en Cabrui, en Olas, en Visantoña, en Lanzá, en Castro, en Mesía, en Bruma, ...esta última parroquia, a máis arredada da capitalidade, era tamén a máis distante da zona educativa e quizais a menos integrada. Sen embargo si o estaba, outra parroquia de fóra do Concello, coma aínda é así hoxe, a de Abellá (Frades) e que entón tiña dúas unitarias e pertencía xa á nosa mesma zona educativa, ben fose por identificación, proximidade ou comunicación, quizais era simplemente máis accesible e cómoda que a Ponte Carreira. En definitiva era este lugar, un sitio virxe e singular, non só na súa paisaxe, tamén no seu falar, nas sinxeleza das súas xentes, nas súas economías, ritos e pensamentos, ...na súa cultura tradicional –tantas veces por min estimada non só aquí, senón por onde puiden amosala e significala abundantamente, pois segue a ser exemplo de identidade e de resistencia cultural, de amor ao noso e de dignidade. Aquí, e axudado polo meu alumnado a través de trinta e moitos anos, fixen compilacións de material importantísimo para definir a cultura galega e, concretamente, a cultura zonal propia da

comarca, terras do interior e da montaña da provincia, das Terras de Mesía. Entorno precioso en praderías e camposas, habitado xa por xentes de moi nobres condicións e honradas, de carácter temperado na filosofía vital que parte do esforzo e, tamén, polas cavilacións sosegadas para resolver os problemas cotiás de cada día, xente labrega e gandeira fundamentalmente que viven e pretenden vivir do seu traballo honesto, en contacto directo coa Natureza e con sumo respecto de cara a ela. Nunha cohesión social moi ben entendida, apreciada e plena, directa.



*“Ante todo, respetádevos a vós mesmos.” Pitágoras de Samos*

Aqueles eran tempos en branco e negro, agora amarelos, pero cheos de ilusións e ganas de acadar soños. Esta foto está tomada nunha das primeiras excursións de Fin de Curso que fixeramos, a Xixón, ... como se nos acabaran os cartos, mercamos sardiñas e pan, asámolas á beira dun río e TODOS comemos do mesmo prato quedando así moi satisfeitos. Quedounos unha lembranza imborrable.

Da deturpación dos nomes e topónimos que antes se empregaron xa se deduce moito, ...como por exemplo a bastardía de tantos que, nos séculos precedentes, nos gobernaron daquel xeito cheo de prepotencia e abuso! Pobres eles, na súa ignorancia pretenderon aborregarnos a todos. Ben é certo que a Cultura, esa que chegaba a todos inicialmente desde o entorno familiar e despois chegada a escola, abeiraba da nosa man e do noso esforzo, tiña que limpar as feridas de tanto tempo e abriría, como non, as mentes, propoñendo un mundo mellor, máis racional e emotivo, de entendemento. Cheguei aquí, como mestre, á parroquia de Olas e foi a miña primeira vez, no ano de 1976, pero xa tiña que vir exercer a Xanceda porque había unha concentración escolar e eu estaba asignado aquí a ela. Así consta nos meus documentos. Viña doutros destinos como interino ou propietario provisional por terras de Lugo,

de onde procedo, concretamente da Terra Chá e máis concretamente de Vilalba. Tiña 25 anos, solteiro e con toda a vida por diante. Sempre quixen vivir no lugar onde exercese o meu traballo, de tal xeito que busquei onde xantar e durmir, ao principio, en Aurora de Mosqueira (Xanceda). Estiven dous anos e, logo, vivín en Olas, na casa dun veciño –pois tamén daba clases, alí na escola, polas tardes- O Señor Rafael, onde me deron trato non só amigo da casa, senón como un máis da familia. Ata que casei con Loreto, que logo sería tamén mestra neste mesmo centro. Viñemos vivir a Xanceda os dous. Foi aquí onde atopei moitos homes e mulleres que forman parte xa da miña vida, mestres que tamén foron e son grandes amigos, ...lembro daquel entón a Santiago Fernández a quen aínda vexo por mor do teatro, estaba Sergio, María Xosé, Maruja Doval (ata o 78, directora e gran animadora dos recreos e festas que organizabamos), Mercedes, Emilio, ...e eu que debía ser o máis novo da fornada. Tamén veu, por tempadas, como interina María Ben, e daba as clases de relixión o cura, que nos primeiros tempos era Don Luís, ...e despois Don Pedro Santos Canosa. Logo, máis tarde, viñeron mestras doutras unitarias, Elena, Teresa, Albina, Estraviz, ... Por aquel tempo era inspector un señor de Lugo que se chamaba D. Ángel, coma sempre esixindo moitos documentos. No ano de 1978, ...debido ao frío e as estreiteces propias das inclemencias do inverno, e nos locais que había e que eran de escasas condicións para un labor que precisaba de comodidade e tranquilidade, decidimos unanimemente entrar no Colexio, que xa estaba rematado pero non entregado e , dalgunha maneira, tomar posesión física daquel edificio novo que se erguía limpo e poderoso –e que tamén estaba sen inaugurar- para facer uso das instalacións novas que preconizaban un enorme soño, de cohesión educativa e de comodidades. Quedaba un pouco máis arriba, nos Corrillos. Pedimos permiso, ...non contestaron. E un día fomos para alá co permiso do silencio. Maruja, que fora a directora da Agrupación Escolar, dixo que ela non quería seguir exercendo esa responsabilidade, que agora as cousas se complicaban con máis mestres e máis actividade, pois pasaba a ser un Colexio Público, con máis papeleo e rigor burocrático, e que era moi maior para aquelas loitas coa Administración. Ninguén quería ser e, nunha votación secreta de Claustro, tocoume a min exercer coma tal.



**1º Claustro de profesores do Centro... de esquerda a dereita: DªTeresa, DªMercedes, secretaria, Baldomero, entón director, DªFilomena, encargada do Comedor, Dª Albina, Dª Mercedes, Dª Elena, Dª María José, D. José Estraviz, xefe de estudos, Dª Maruja, Dª Carme Peleteiro, Dª María Ben e D. Sergio.**

Asumín aquela responsabilidade coa promesa de axuda dos meus compañeiros. Era a responsabilidade feliz de deseñar un novo Centro, ...con fórmulas eficaces e de respecto á Lingua propia (á Lingua Galega, ...por aquel entón, aínda na longa noite!), á dignidade, aos dereitos dos nenos e nenas, e establecendo as primeiras normas de comportamento nun novo ámbito social máis extenso, ámbito de encontro máis moderno e máis capaz, pero que necesariamente tiña que derivar en menos pau e máis comprensión, máis liberdade, máis integración, máis aberto e emprendedor, máis de saber en vez de soamente coñecer, máis de ser que de ter. Todo iso sen esquecer unhas normas básicas que rexesen os principios da nova liberdade. Non foi nada doado, ...houbo oposición por parte de moitos, empezando polo inspector que non quería nin sequera recoñecerme como director –daquelas os directores eran nomeados a dedo e non por elección, coma nós fixeramos- ata un ano e pico despois, sen dereito de ningún tipo e, mentres, constaba simplemente como suplente do director, adxunto ou algo así. Tampouco estaban de acordo, coas novas formulacións educativas, algúns os pais e nais, nin sequera todos os compañeiros e compañeiras que viñan de unitarias, onde as cousas rexían directamente da súa iniciativa e certamente perdían un certo protagonismo no labor, agora global, do centro. Agora era un espazo común, con menos deseño persoal, con estruturas envolventes e globais, tomadas en acordo conxunto, de Claustro, Consello Escolar, AMPA, ciclos, titores, regulamentos de novos servizos, Comedor, actividades conxuntas, obras de teatro, festivais, festas participativas, material de uso asociativo e grupal, ...et.



**Representación teatral na entrada do Centro e nun día de festa.**

Foi, ben era sabido, un choque grande. Traía novas orientacións e novos pulos, tentaba unha resposta nova, unha aproximación eficaz aos nenos e nenas, cun carácter dinámico de intervención no que o profesor fose mestre, no que o docente, máis que fascinar desde unha boa preparación académica, puidese integrar e abrir as mentes de cada rapaz para coñecéndoos, educalos mellor. Facer xornais, participar en campionatos provinciais deportivos, celebracións de festas e competicións cos centros da Comarca, concursos, saídas, clases fóra, coidado dun invernadoiro para a axuda e alimentación no comedor, competicións deportivas e de convivencia cos centros limítrofes, xornadas de convivencia interna en viaxes ou actividades alleas á nosa programación, sempre contando con eles. Que tivesen unha metodoloxía coordinada, de integración social cos demais, cos outros centros do arredor, e coa sensibilidade necesaria para falarlles directamente aos corazóns desde os sentimentos, como método



preferible á simple lóxica, ensinándolles a explorar por eles mesmos, ...coidando que as acumulacións de información son necesarios, pero moito máis era a creatividade e recreación feliz, comprensiva e extensiva das novas propostas. Aqueles inicios, fixeron inesquecibles encontros nos que se resolvían con enxeño todos os conflitos, empregando un grao de enxeño e intelixencia, tamén de independencia, para educar para a vida a aqueles nenos e nenas. Nós eramos os que mellor os coñeciamos. E o Centro tería que ser, ademais de dador de contidos, lugar de encontro para esa, necesaria xa, aprendizaxe feliz e chea de cor, que abandonase dunha vez o branco e negro e sobre todo as cores murchas dun pasado que enorme nos pesaba como unha lousa. Era todo un reto para o que non estabamos afeitos e que moitos non entenderon.

Naquel entón, por exemplo, non había moitos medios, nin conserxe, a súa actividade era propia do director ou dalgún profesor habilidoso. Non había administrativo/a para levar ao día os papeis dos rexistros. Non había fotocopiadora, ...nin aula de..., nin material de..., nin persoal de... Eran moitas as ausencias de recursos, os problemas, e non digamos dese material que hoxe sería imprescindible en calquera Centro. Mesmo cando chegamos a habitar os espazos do Colexio, cando entramos nas aulas, non había pupitres para todos os alumnos (fómolos buscar nun camiión do Palista de Lanzá a un centro educativo de Ferrol que os tiña sobros, tamén á Coruña a outro centro que os tiña almacenados e de remate, a Vimianzo). O Colexio quedaba insuficiente de espazo desde o primeiro día. O Comedor facíase pequeno, tivemos que buscar dúas cociñeiras, as primeiras, nun concurso de voluntarios e voluntarias, e despois xa viñeron Claudino e Estrella que botaron moitos anos connosco, facéndonos as ledicias dos xantares e da súa familiar amizade.



**Estrella, cociñeira do Colexio durante moitos anos. Aquí está facendo sardiñas nunha festa Fin de Curso. Tamén había churrasco e pan para todos, ...pan que fixera gratuitamente Belarmino Patiño, panadeiro de Xanceda.**



**Claudino o cociñeiro do Colexio, con outros axudante de asar sardiñas o día da festa de Fin de Curso, no San Antonio de 1983.**

O edificio estaba construído, nun principio, para 280 alumnos e apareceron 440, que aínda foron máis. Houbo que habilitar aulas de corenta e moitos alumnos, daquelas non había tope máis que o puramente físico: entrar ou non entrar. Axudounos o Concello, mesmo quixo cubrir o patio, hoxe Pavillón e fíxose todo moi lentamente, a prazos longos e lentos, agardando que houbera orzamentos. Nin tampouco tiñamos máis persoal docente que o xusto, ninguén libraba horas para a preparación de eventualidades, todos os profesores estabamos a tope, con todas as horas de clase distribuídas, sen mestres de garda, sen ocios para outras actividades diferentes, sen colaboradores-pais-nais no comedor, eramos os mesmos profesores os que enxeñabamos diariamente aqueles menús, lonxe quedan, que permitisen desde o escasísimo orzamento que mandaban, ter alimento e calor para apaciguar as tantas fames e desexos naqueles anos grises. Aínda así, nunca se lle pediu aos nenos aportación económica algunha, pois sabiamos do difícil que sería para moitas familias moi humildes. E si o ensino era gratuíto, tamén eran os servizos del derivados. Houbo anos que se nos acabaron os cartos antes de rematar o curso, ...chamáronme á orde esixindo que estirase o presuposto ou que lles cobrase aos pais. Eu negueime a dar aquel paso, e tamén a dar aquela comida ruín que me propoñían para estirar os presupostos cuns pratos “modélicos” dos comedores grises, daban cachelos con sardiñas en lata, e se acaso, de sobremesa un anaco de marmelo entre dúas galletas. Eu reivindiquei a dignidade, a coherencia no sistema educativo e no prato da comida. Se o ensino era gratuíto, era tamén no seu decoro e non no minimalismo de ruindades e raposeo coas que se manexaba por entonces case todo. Esas posturas sempre me valeron un certo descrédito, tiña a imaxe de rebelde porque me amosaba contrario a aquelas prácticas que certamente non ían comigo, ademais empezouse a agrandar aquilo por falar galego e xa era tamén un perigoso separatista, nacionalista, sospeitoso de todo o que eles coidaban malo ou necio. Todo isto no medio doutros cualificativos que non veñen agora a conto, alentados tamén por algún avinagrado, envexoso ou ruín compañeiro que estaba receoso da miña ousadía galeguista. Iso faime lembrar, tamén, aquela demanda que tiveron, promovida pola inspectora e axudada por mans que, logo, se agacharon e que me denunciaban, pretendendo sancionarme por “dar clases de Galego en galego”. A sospeita que sobre de min botaban, era a de se estaba ou non titulado ou acreditado para esas novidosas clases de subversión, o idioma Galego. Eran anos do oitenta e pico, calquera motivo era bo para sinalar co dedo e desde a sombra. Había xa estatuto de Autonomía que moitos interpretaban como unha concesión á galería, nada máis, de supostas liberdades, palabras en papel mollado pero que seguían amparando os desatinos de sempre. Aquilo era unha fazaña da inspectora alentada de ruíns colaboradores que, logo se souberon tamén entre algúns membros do mesmo claustro. Pero a cocha saíulles capada, e tanto a directora de entón como a inspectora, que logo chegou a delegada, ao mellor como pago desas escuras ousadías e actividades perversas, tiveron que pedir cambio de praza e destino

no curso seguinte, sobre todo para evitar a manifesta ignorancia da nova Lei de mínimas liberdades, o sentido común e o escándalo que se aveciñaba. Aínda hoxe ningunha delas pediu perdón do dano feito. Pero esas cousas tamén pasan. O certo é que eu viñera aquí por pouco tempo –así dicían os meus murmuradores- e viña, seica, para abrimme nun abano de libertinaxes, entre elas a do galego, poñendo todo patas arriba para logo deixar isto revolucionado e en pé de guerra. Mesmo viñera, engadían, no sitio dunha mestra rebelde que me antecedera e marchara tamén, a pobre, co peso dunha denuncia. Era a Cabanelas, cheguei a coñecela despois e falaba con moita pena de cando aquí estivera. Ninguén tampouco lle pediu perdón pola desfeita. Denunciárona e tivo que pedir traslado. Moitos nenos aínda gardan follas de textos libres feitos en galego, adaptados ao agro, á súa vida, propiciados por ela.



**As festas tamén eran celebradas e festexadas na aula, co titor, peza fundamental das relación no Centro.**

### **Os feitos non deixan de existir só porque sexan ignorados. T. H. Huxley**

Parece ser que nada foi como aventuraron aquelas voces malintencionadas, que sempre as hai, e o paso do tempo veu dar razón aos sentimentos que nos habitan, son aqueles de moitos, dos que insistimos que para saír da noite das recesións, e de todas as noites de todas as crises que haxa ou poida haber, non hai mellor método que investir en Educación e Cultura, de investir en futuro. Porque estas, son algo máis que unha morea de coñecementos e chegan ao corazón e aloumiñan a dignidade humana, precisa para convivir en harmonía e recuperar a sensibilidade, sentíndonos útiles e incluídos socialmente, todos sen excepción. Esas son as premisas, e hai levalas sempre adiante como método eficaz de progreso e felicidade.



Esta foto pertence a unha festa Fin de Curso, coído no San Antonio de Olas. Todos alumnos, alumnas, país e nais, vecinos, amigos, ...TODOS, celebrábamos aquel encontro feliz da aprendizaxe, no que TODOS aprendíamos sempre e sobre todo a convivir harmoniosamente.

***"... Non podeades preparar os vosos alumnos para que constrúan un mañá soamentes no mundo dos seus soños, e se vós xa non credes neses seus soños; non poderedes preparalos para a vida, se non credes nela; non poderiades amosarlles o camiño, se sentastes a agardar mirando, cansos ou desalentados na encrucillada dos camiños"***  
**CELESTÍN FREINET**

...Despois daqueles primeiros anos, como dixen en branco e negro, ...comezaron a funcionar outros servizos máis. Empezamos a ter Biblioteca, Salas de encontro e aulas específicas, ...chegaron as fotocopiadoras, as máquinas. Máquinas e máis persoas, ...conserxe –sempre Xosé Manuel, outros cociñeiros, ordenadores, as TICs, os departamentos, laboratorio, aulas e curros de todo tipo, máquina do café que suplía aquel café comunitario dos anos amarelos, ...e que posuía tanta tenrura e convivencia directa. Chegou moito material e moitos medios –comparado con aqueles primeiros anos- pero o que si estou seguro é que, tanto material e medios nunca poderán suplir aquela proximidade acadada cos pais, nais e nenos todos. Realmente, durante algúns anos, fomos unha grande familia. E ese éxito entrañable, foi grazas a entender que a Educación era base e fundamento vital de toda a comunidade, de todas as persoas deste entorno que, a pesar das excepcións de sempre, é un feito moi bonito e necesario. Despois viñeron , como tiña que ser, as fotos en color.

**"A educación é a arma máis poderosa que poidas empregar para cambiar o mundo."** Nelson Mandela





**Foto de excursión. O transporte escolar Autos Gómez de Mesía. Mirade hoxe cantos papás hai sendo alumnos.**

Pero cómpre salientar que todo este labor é levado a cabo **non** por delegados, inspectores e conselleiros de turno, non, ...senón por eses “tolos que ensinan”, que se dedican a buscar a luz e darlle cor á vida. Son esas persoas que están todos os días a pé de obra, nunha obra interna e íntima que non se ve. Xentes raras que madrugan e collen o coche, moitos recorren ben quilómetros para chegar, día tras día ao seu destino, ...todos os días chegar. Xentes que andan coa constante preocupación de cumprir debidamente, de se entrevistar cos pais e coas nais para resolver problemas. Xentes que cobren miles e miles de papeis, papeis dunha burocracia estúpida que certifica varias veces o que está máis que certificado. Pero eles non se desaniman e seguen e levan control das asistencia e ausencias, cando só con mirar a clase, ou só con escoitar os alumnos xa saben quen falta, quen non chegou aínda. De todas formas, chaman ás casas, preguntan qué pasa, porqué non veu aquela nena. E levan traballo para a casa, moito do que levan non sería posible resolvelo no centro e menos atendendo, ao mesmo tempo, aos pícaros. Si pero diso ninguén sabe, e ninguén llelo recoñece. Tampouco nas vacacións desconectan de todo, lembran as clases, fan cursos de reciclaxe, preparan material, acordan dos alumnos, dos problemas, dos documentos, das recuperacións, ...daquela clase que deixaron e que, cando volvan, xa serán doutro xeito e máis maiores. Moitos sofren depresións e estados de angustia, ...ninguén se dá conta. Sófreno en silencio e cos seus, ...todo porque se implican moito no seu traballo e non soltan os problemas ao volver á casa.



**Decorado dunha obra de teatro, na que se representaban escenas do Nadal no entorno no que eles vivían.**

“En canto alguén comprende que obedecer leis inxustas é contrario á súa dignidade de persoa, ningunha tiranía poderá dominarlle.” Mahatma Gandhi

Son persoas, xeralmente, que falan moito ao cabo do día, e levan sempre caramelos nos petos, para suavizar a gorxa ou para gañar a algún pícaro triste, sobre todo cando son pequenos. Abríganse ao saír ao patio e procuran que os seus alumnos tamén o fagan. Outros sempre van coa botella de auga ao lombo, porque o médico –o otorrino ou logopeda- sempre lles di que, na súa profesión, se non se quere sufrir de afonías, ronqueiras e cousas polo estilo, hai que humedecer frecuentemente a gorxa e as cordas bucais, e aínda así sempre estarán doídas polo que quedou sen dicir e porque as forzan moito e moito tempo para explicar a toda a clase e se lles entenda ben, outras veces porque berran para transmitir coñecementos e condutas a todos, ademais de facelo con autoridade e con cariño e ilusión. Son persoas moi importantes para a sociedade, os mestres e mestras, anque están “moi tolos” e ás veces falan sós, e nesa súa soidade se atopan algo tristes, tristeza que vén porque ninguén lles recoñece o seu traballo e o moito que fan, ...e claro, como é un traballo que non se ve, ...pensan os demais que todo é coser e cantar, por riba –como di a xente- despois veñen as abondosas vacacións e nada máis, un horario moi pequeno e con pouca responsabilidade, din eles. Pois non, e eu seino ben. Seino ben porque, ademais de pai de catro fillos, e que estudaron todos no Centro do que estou a falar, en Xanceda, unha delas aínda está, exercín case 38 anos da miña vida na docencia, case todos neste Centro e podo dicir que os mestres son xentes que viven para a súa profesión, que mesmo cando van de volta para a casa ou de excursión cos seus alumnos xestionan autorizacións, recollen cartos, preparan actividades e buscan outras cousas e proxeccións ou espectáculos para que aprendan e, de paso, o pasen ben. Todo iso fano, responsabilízanse de que estea garantido e sen riscos para que as actividades sexan agradable e funcionen, ...pero, ollo!, con nenos –que son tan só nenos!- e que, polo tanto, hai que coidar con atención e permanentemente. Polas noites dormen soñando e resolvendo os problemas cos seus alumnos e co colexio, deseñan, aínda en soños, material para empregar na clase, fórmulas eficaces para que entendan e aprendan, buscan preguntas para os exames, buscan materiais de apoio, películas que frutifiquen na análise de calquera cuestión, e polas noites –cando ninguén os ve- corríxen ata moi tarde os exercicios, pasan notas, preparan preguntas e explicacións, recadan debuxos e láminas, piden información, mapas, cadros, bibliografías, documentos, fórmulas de todo tipo, ...para que a lección sexa

agradable e os seus alumnos aprendan! Son mulleres e homes aos que se lles enche de amor o peito nesa paixón de comunicar e ensinar, xentes que aman o seu traballo e ven medrar aos alumnos, aos que tratan na maioría dos casos coma fillos, e que despois –coma aos fillos- os ven marchar, realizados xa como cidadáns competentes.



**Celebrabamos “O día da árbore” plantando algunhas das árbores que aínda podedes hoxe ver. Conviviron connosco, ...tamén son seres vivos e saben de nós e das nosas angueiras.**

**“Todo neno é un luceiro, que non boneco de cartón: non quero que lles recorten en coiros e que os vistan cun patrón” Santoja-Van Aersen**

Tamén esa separación e ausencia dos alumnos sofren os mestres, e fano en silencio, levando ese desgarrado como un desprendemento que a ninguén contan nin manifestan. Só lembran na lonxitude dos anos, aqueles que sendo nenos, sempre serán nenos, e sempre serán os seus alumnos. Nunca nos damos conta de que medran e cambian, e cando os vemos maiores temos que evocar a imaxe que lembramos de cando eran nenos.



Eran as festas dos maios. Durante uns anos saudábase así a chegada da Primavera.

### **A persoa que non se alimenta dos seus soños, envellece pronto. Shakespeare**

Moitos pensan que os mestres viven moi ben, sen problemas. Ninguén sabe que os seus soldos sempre estarán pendentes de ser recortados, ...son eles os que sempre pagarán de primeiros todas as crises habidas e por haber. Precisamente porque forman parte daquel sector máis fráxil da sociedade, ...é moi difícil que vaian á folga –ten que ser un motivo moi duro que os obrigue- porque como tratan con nenos e os nenos non teñen culpa, nunca os queren prexudicar. Moitos deles disfrutaban do que fan sabendo que hai pais e moita xente da sociedade que os valoran, que os queren e estiman, anque outros non o fan así, desde a ignorancia estúpida dos que teñen pouca cabeza ou necesidade de empatía para comprender, críticanos ou réstanlles autoridade, chegando mesmo ao insulto procaz, ás maledicencias e agresións sempre inxustificadas. Pero, elas e eles, que están tolos, repito, tiran cara adiante, tamén desde esa tristeza de non seren recoñecidos e a pesar dos comentarios ousados da xente que non é quen de se poñer no sitio e ver cantas cousas e pensamentos, cantas actitudes hai que conciliar. Son así, os mestres tiran para adiante e, sen que llelo esixan, fan máis cursos dos debidos, queren aprender e aprender a aprender, e non lles importa perder o seu tempo libre, as horas cos seus e coa súa propia familia. Moitos son moi críticos e censores do seu propio traballo, autoesíxense niveis moi altos de responsabilidade e, periodicamente, poñen en valor as súas experiencias educativas. Por iso é que se frustran, sobre todo se non acadan os niveis desexados dos seus alumnos, que sempre son máis dos posibles, anque se aledan sempre cando algúns avanza convenientemente. Están mal da cabeza, teñen que estar algo tolos de máis. Porque eu viño moitas veces sufrindo desesperos, esa rabia contida por non acadar as cotas de eficiencia coas que eles contaban. Din, dalgúns sempre queda memoria, que foron moi importantes nas vidas dos que aínda falan, porque sempre tiveron verbas de alento para non



derrubarse eles nin deixar que se derrubasen os seus alumnos. Son e serán MESTRES, e sentímonos e séntense MOI ORGULLOSOS DE SELO.



Este é o Colexio de Xanceda, antes da ampliación, no que se daba todo a EXB e Infantil. Hoxe CPI que imparte Infantil, Primaria e Secundaria.

**“Cando os que mandan perden a vergoña, os que obedecen perden o respecto.”**

**Georg C. Lichtenberg**



**Representación dunha obra de teatro, nunha festa do Entroido, no Pavillón.**

**“Non hai tiranía máis cruel que a que se perpetra baixo o escudo da lei e en nome da xustiza.” Montesqueiu**

**“Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta, polo menos na la instrución elemental e fundamental. A instrución elemental será obrigatoria. A instrución técnica e profesional terá que ser xeneralizada; e o acceso aos estudos superiores igual para todos, en función dos méritos respectivos.” Artigo 26 DUDH**



Unha nevada era motivo de festa e participación na elaboración dos bonecos. Tamén era o contacto co entorno e a afirmación dos vínculos de cohesión social.

Onde hai educación non hai distinción de clases. Confucio

**A Ilustración supón a saída dos humanos da súa minoría de idade. I. Kant**



mentres chegaban os coches. 1978

Agardando o timbre de entrada

Só unha cousa volve calquera soño imposible: el medo a fracasar!





Míraeos aí, xa son maiores de idade e, moitos deles e delas, papás ou mamás do alumnado de hoxe. Moitos buscaron vida lonxe de aquí e, aínda hoxe, se lles bota en falla. E as fotos xa eran de cores!



Este é o curso de 6°C de EXB no ano 1983, ...había 3 sextos...!



O triunfo non está en vencer sempre, senón en non desanimarse xamais.

Napoleón



Os xuvenís de Xanceda de balonmán chegaron á final provincial, na Universidade Laboral, Acea da Ma, de O Burgo. Foi no ano 1985. Quedamos de segundos.



Outra representación dentro do comedor.



foto da clase, todos sorrín esperanzados no porvir.

Outro curso facendo a



Foto dunha excursión, antes do baño na praia.





**Perduran coma nenos nas nosas memorias, ...hoxe son pais e nais de nenos e nenas no tempo de ser felices e garantes do mañá.**



**A parte posterior do colexio no ano de 1.978, cando empezamos a usar o novo centro.**



As nosas ansias, nas excursións, ...era o mar, ese descoñecido anque non ignorado!